

## Sementeira e outono dun poeta: Ildefonso-Manuel Gil

*Luís Alonso Girgado*

*Y todo vuelve a ser y a ser más bello  
en la unidad del tiempo que es mi vida  
(I.-M.G.)*

### O home

Foi na década do 1960 cando coñecín a Ildefonso-Manuel Gil. Estaba eu a piques de rematar os meus estudos na Universidade de Santiago cando tiveron noticia de que un catedrático que levaba anos dando clase nos Estados Unidos ía dar unha conferencia sobre teatro español contemporáneo. O feito tivo a súa anécdota e por iso gardo lembranza del. Debía ser un sábado pola mañá, cedo aínda, cando un pequeno fato de alumnos agardabamos ó profesor-conferenciante diante do edificio da vella Universidade que hoxe está ocupado pola Facultade de Xeografía e Historia. Cando chegou e tentamos entrar no edificio as portas estaban pechadas. Despois de diversas e inútiles tentativas Ildefonso-Manuel Gil invitou ó seu pequeno auditorio a tomar asento nas escaleiras da entrada, case en plena rúa, e sen máis cirimonias iniciou a súa leira.

Máis de vinte anos despois, e tras pasar eu por Zaragoza para falar de Francisca Herrera Garrido, comecei co xa xubilado profesor unha relación epistolar que me deparou a posibilidade de gozar da cordialidade e aínda da amizade dun home ó que eu admiro como escritor; máis exactamente como poeta. A lectura dos seus libros *Hombre en la tierra* e *Cancionero segundo del recuerdo y de la tierra* (1992) non fixo senón aumentar a miña admiración -admiración e respecto que un debe ter polos escritores consagrados- e manter con el esa intransferible relación que todo lector ten cun poeta ó que le afervoadamente.

Oitenta anos de idade, oitenta anos de continuado labor intelectual dentro e fóra do seu país son motivo de abondo para lembrar a figura deste lúcido e incansable octoxenario que é Ildefonso-Manuel Gil. No Teatro Principal da súa Zaragoza tivo lugar, co gallo dos oitenta anos do escritor, unha homenaxe que convocou a moi boa parte da vida cultural aragonesa, na que o homenaxeado xoga aínda un sobranceiro papel. A publicación de *Principales poetas. Ildefonso-Manuel Gil*<sup>1</sup> e, ó mesmo tempo, da antoloxía *Cancionero segundo del recuerdo y la tierra* (ampliación de dúas escolmas anteriores: *Cancionerillo del recuerdo y la tierra* (1952) e *Hombre en su tierra* (1980) foi un dobre e merecido agasallo para o poeta que, despois do seu último poemario, *Las colinas* (1989)<sup>2</sup>, tan só publicou algún poema solto a carón da citada selección antolóxica da súa obra anterior.

1. Zaragoza: Ed. da Universidade e o Concello de Zaragoza, 1982.

2. Zaragoza: Ed. da Deputación Provincial de Zaragoza, 1989.

Tempos ben diferentes -e moi difíciles algúns deles- viviu o escritor, sen dúbida un testemuño moral da España do século XX. Nacido en Paniza en 1912, foi noutro pequeno pobo, Daroca, onde pasou a súa nenez e mocidade. Alí cursou o Bacharelato, alí comezou a súa prehistoria de escritor e, en fin, alí pasa os veráns. Rematados os seus estudos de Ensino Medio en 1928, pasa a Madrid para estudar Dereito. Pouca debeu ser a súa vocación pola xurisprudencia cando el mesmo recoñece que foi

recién llegado a Madrid, un paleta feliz y deslumbrado por la Biblioteca Nacional, donde leí siempre literatura y nunca jurisprudencia<sup>3</sup>.

Acadada en 1932 a licenciatura en Dereito é nos anos da República (e aínda un pouco antes) cando se desenvolve a súa aprendizaxe e formación como escritor. Mais o estoupido da guerra civil significou non só a interrupción dunha obra poética que estaba aínda nos seus inicios, senón, o que foi máis grave, a súa estadía no cárcere do Seminario de Teruel entre 1936 e 1937. Era, entón, funcionario do Corpo Técnico do Ministerio de Instrucción Pública -cargo do que foi afastado- cando, tras do seu ingreso no cárcere houbo de ser fusilado. Hernández Martínez<sup>4</sup> estima axeitadamente que ese feito “se filtra en todas sus obras, y no sólo en la poesía”. A que ía ser vivencia estorcedora e inesquecible para o escritor foi evocada polo seu amigo Marín Agredas:

Y tú lo saber bien en tu carne y tu alma, que estuviste a punto, en aquellos días de la guerra, a tus veinticuatro años, encarcelado en el edificio del Seminario de Teruel, vean la paradoja, sin motivo alguno y ya en capilla como Dostoievski, de ser llevado al pelotón, del que te libraste por un azar del destino<sup>5</sup>.

Rematada a guerra, os anos de posguerra foron para el especialmente acedos. Fixo un pouco de todo, desde adicarse a vender xoguetes ata ensinar ortografía. En 1945 vivía de impartir cincuenta hora semanais de clase nun colexio privado. Reposto no seu cargo de funcionario do Corpo Técnico do Estado en 1954, Idelfonso Manuel-Gil levaba anos en Zaragoza adicado ó ensino. En 1957 obtivo o Doutoramento en Filosofía e Letras pola Universidade daquela capital e dous anos despois figura nela como Profesor de Literatura española, materia da que foi Xefe de Sección na Institución Fernando el Católico. Desa Institución, que leva anos a desenvolver unha tarefa cultural de primeiro orde concretada en máis dun milleiro de publicacións, é hoxe Presidente.

Un feito capital na vida do escritor foi a súa marcha a Estados Unidos xunto coa súa familia. Entre 1962 e 1982 ocupou a cátedra de Literatura española na Universidade de Rutgers primeiro e logo no Brooklin College e no Graduate Center de Nova York. Aínda que pasaba os veráns na súa terra, ocupado en impartir cursos de verán, sen dúbida este feito significou unha perda de contacto, un afastamento verbo da vida literaria española deses anos.

3. Idelfonso-Manuel Gil, *Reflexiones sobre mi poesía*, Madrid: Universidade Autónoma, 1991, p. 16.

4. Manuel Hernández Martínez, “Biografía”, *Principales poetas*, Zaragoza, 1992.

5. Pedro Marín Agredas, “Palabras de presentación”, *Reflexiones...*, p. 8.

De volta a súa terra en 1982 Ildefonso-Manuel Gil foi nomeado “profesor emeritus”, ingresou na Academia Norteamericana de la Lengua española en 1987, recibiu a Medalla de Ouro de Zaragoza e, a carón de M. Vilas, R. Tello e A. Guinda, compuxo a letra do Himno de Aragón.

Home para o que a vocación literaria constituiu sempre unha “verdad vital”, a súa existencia corre parella ó seu proseguido labor nos máis diferentes eidos da literatura: poesía, novela, ensaio, contos, estudos literarios e crítica, edicións e traducións, creación de publicacións, conferencias e artigos en prensa e revistas. O permanente vencellamento á terra, a presenza do seu contorno familiar, o paso por circunstancias históricas cruciais na guerra e na inmediata posguerra coa vivencia dunha morte case inminente, o vivir arredado de grupos, círculos e modas literarias, así como a adopción dunha actitude esencialmente moral e crítica en defensa do home e fronte a toda clase de inxustiza e violencia, son algúns trazos que caracterizan as oito décadas da existencia de Ildefonso-Manuel Gil.

## O poeta

Mi soledad en busca de recuerdos  
que mi propia memoria, sola y huérfana,  
ha de pedirle al corazón prestados.

Segundo confesión propia do escritor a súa actividade literaria foi moi temperá e estivo vencellado ós seus tempos de estudante de Bacharelato en Daroca e ó seu contacto coas páxinas da obrigada Preceptiva literaria. Campoamor, Núñez de Arce, Bécquer, algo de Rubén Darío foron as páxinas que encheron a súa protohistoria de lector. A historia, a formación definitiva, ten o seu punto de partida arredor de 1929, xa en Madrid como estudante universitario. Chegarán entón J.R. Jiménez, Unamuno, Ortega, Pérez de Ayala, Antonio Machado e, da man de Benjamín Jarnés e do seu amigo Ricardo Gullón, o contacto cos poetas do 27 integrantes da xeración anterior á súa.

Por aqueles anos da República -lembra V. García de la Concha<sup>6</sup>- “le habíamos visto en el frente madrileño de la joven literatura”. Lector de poesía, amigo de poetas... e, por fin, poeta ós dezanove anos. Será, a carón de Juan Alcaide, Carmen Conde e Muñoz Rojas, un dos poetas da xeración que se manifestou máis cedo nun primer libro: *Borradores*, aparecido na primavera de 1931. En 1934 *La voz cálida* completa o ciclo inicial da súa traxectoria, coutada -como en tantos outros casos- pola guerra civil. E outra faciana das súas inxedanzas, a creación de revistas literarias, xorde na lembranza do seu compañeiro Ricardo Gullón (figura do que alguén chamou “Escuela de Astorga”):

En 1930 Ildefonso-Manuel Gil y yo, con otros menos jóvenes de orientación diferente, lanzamos *Brújula*, de la que salieron cuatro números (...) Poco después Gil y yo editamos el más fugaz de los papeles literarios, *Boletín*

6. Víctor García de La Concha, *La poesía española de 1935 a 1975*, Madrid: Ed. Cátedra, vol. II, 1987, p. 527.

*último*, del cual salió un solo número y tuvo un solo suscriptor, Juan Ramón Jiménez (...) En 1934 publicamos Ildefonso-Manuel Gil y yo la revista *Literatura*. El título implicaba una toma de posición frente a ciertas ideas de la generación precedente<sup>7</sup>.

Non imos engadir aquí nada sobre a xeración á que pertence o poeta de Paniza. A súa relación cos poetas do 27, o ambiente intelectual no que xurdiron, os seus mestres e modelos, as claves da súa estética fronte ós seus predecesores, a súa visión do mundo e a trágica irrupción da guerra cando eran aínda ben mozos están xa nos manuais de literatura e nas páxinas escritas por Pedro de Lorenzo, Homero Serís, Serrano-Plaja, García de la Concha, Fanny Rubio, María del Pilar Palomo, Ricardo Gullón, Luis Jiménez Martos, F. Pérez Gutiérrez e moitos outros. O Symposium que tivo lugar na Universidade de Syracuse en 1968 e o número monográfico adicado á xeración pola revista *Insula* foron dúas tentativas de análise daquela xeración de 1936 que Ildefonso-Manuel Gil prefire recoñecer como xeración da República, calificada tamén como “destruída, astillada o escindida”.

Como José Luis Aranguren, como Leopoldo Panero ou A. Serrano-Plaja, como Luis F. Vivanco e moitos outros, Ildefonso-Manuel Gil deixou o seu propio testemuño tocante á súa xeración, a que se sentiu incorporado:

Si es una realidad histórico-literaria, soy miembro de ella. Y si no existe soy un escritor que anda desvalido, sin ninguna sombra a que acogerme<sup>8</sup>.

Unha xeración caracterizada, de certo, pola percura e a volta ó “humano radical” na poesía, pero a máis terriblemente marcada pola guerra civil, que foi para aqueles mozos “cárcel, persecución y -en casos máis dolorosos- muerte”; malia iso, decidiron exaltar na súa poesía “los únicos valores que habían quedado en pie”, é dicir, a memoria da infancia, o ámbito familiar, a terra e a paisaxe, a autenticidade da intimidade, a indagación no espírito -”trascendentalismo intimista”- pero tamén o desacougo existencial, a lembranza da guerra.

O trágico paréntese da contenda civil foi un atranco na traxectoria poética do escritor, pero a súa tarefa creativa tivo a súa continuidade en 1945 con *Poemas de dolor antiguo*, que apareceu despois de

Un puente trágico de once años de longitud, incontables pasos perdidos y demasiada carga sobre los hombros<sup>9</sup>.

En adiante, e felizmente, a obra plural e múltiple -non só a creación poética- do autor estivo a medrar en títulos. Sen pretensión algunha de establecer a nómina íntegra dos mesmos, cabe citar -ademais dos xa mencionados- algúns certamente salientables

---

7. Ricardo Gullón, “La generación de 1936”, *La invención del 98 y otros ensayos*, Madrid: Ed. Gredos, col. Campo abierto, 1969, pp. 169-171.

8. Ildefonso-Manuel Gil, en *Sur*, Buenos Aires, Julio 1942.

9. *Ob. cit.*, p. 16.

como *El tiempo recobrado* (1950), *El incurable* (1957), *Los días del hombre* (1967), *Luz sonreída*, *Goya, amarga luz* (1972) ou *Elegía total* (1976). *Las colinas* (1989) é a súa última aportación entre un total que supera os vinte poemarios. Verbo desta obra no seu conxunto o poeta está a manter unha actitude selectiva, concretada na publicación de curtas seleccións antolóxicas. Quizais sexa hora de pensar nunha edición rigorosa da poesía completa que dea conta cabal do seu quefacer lírico e que sirva ós estudiosos do tema para unha análise axeitada da significación deste importante poeta.

Sería inxusto rematar este pequeno apartado referinte ó poeta sen facer unha mención polo menos ó narrador. Nese senso cómpre sinalar que o noso escritor acadaba en 1950 o Premio Internacional de novela Plaza y Janés con *La moneda en el suelo* (1951), que foi seguida de *Juan Pedro, el dallador* (1953), levada ó cine.

Un pouco a xeito de “coda” podemos dicir que se ben Ildfonso-Manuel Gil non está vencellado a Galicia nin pola súa vida nin pola obra, mantivo, de certo, unha fonda relación con Portugal. En portugués publicouse o seu libro de narrativa *O último entardecer* (1957) e ó portugués foi traducida a súa novela *La moneda en el suelo* co título *O inferno de Carlos Seron* (1955). Fixo unha memorable traducción ó castelán de *Os lusitadas*, de Luís de Camões, e traduciu así mesmo a novela *Minas de San Francisco*, de Fernando Namora, unha das figuras sobranceiras da narrativa portuguesa contemporánea.

## Autorreflexión e crítica

Angustia desvelada en el anhelo  
de quedar en mis obras.

Hoxe mesmo está a ser certa a afirmación de F. Pérez Gutiérrez ó ver en Ildfonso-Manuel Gil “uno de los mejores y menos conocidos poetas” da súa xeración. A publicación dos seus versos en edicións minoritarias, a nula preocupación do poeta pola súa autopromoción, o lapso de case vinte anos de vivir fóra de España, a fidelidade á súa propia voz por enriba de trocos circunstanciais da estética de moda son posiblemente algúns dos factores que explican unha situación por certo non exclusiva deste poeta, arredado sempre no seu ámbito aragonés.

No ámbito da crítica, sen embargo, a súa voz poética non ten pasado desapercibida. No seu amplo panorama da poesía da posguerra Luis López Anglada advirte neste poeta a veta da evocación elexíaca, a melancolía e, fundamentalmente, a concepción da súa obra como “un largo y unitario poema centrado en la biografía y en el hondo sentir del poeta”<sup>10</sup>.

En 1957, nun breve e pouco coñecido artigo, Leopoldo Panero<sup>11</sup> fala do autor de *El incurable* (1957), ó que califica de “romántico esencial y sustantivo” que amosa

10. Luis López Anglada, *Panorama poético español*, Madrid: Editora Nacional, 1965, p.p. 56-58.

11. Leopoldo Panero, “Un incurable romántico”, *Obras completas. Prosa*, Madrid: Editora Nacional, 1973, pp. 115-116.

na súa poesía “un misterioso pathos de autoelegía”. Poeta da “desnuda soledad humana” no que é perceptible a confidencialidade do verso, o sabor da desesperanza e a absorción dun feixe de voces -desde Juan Ramón ata Luis Cernuda- sen perder a súa voz propia. “Lo que radicalmente le interesa-engade o poeta-crítico- es decirse a símismo en la palabra”; estimación -esta última- coincidente coa final de López Anglada.

No seu traballo sobre *Poemas de dolor antiguo* (1945) e posteriores títulos do poeta, García de la Concha<sup>12</sup> subliña -como L. Panero- o latexo romántico, a concepción da existencia como dor, a indagación no misterioso vencellamento do home coa terra e a converxencia no poeta dunha raíz de orixe romántica (eixe da poética) coa atención á circunstancia histórica e á súa universalización. Poeta que se ergue perante as limitacións do existir, que está á procura do misterio e da beleza, manifesta unha acusada austeridade imaxinativa, unha fonda contención e unha tendencia a trocar o berro en susurro. Poeta da dor e da soidade, aspira á sobrevivencia nos seus versos, e esta anguria da perduración sitúao na liña dun Unamuno. A radicalidade da dor como clave existencial non anda lonxe, nin moito menos, da voz da nosa Rosalía.

Ten escrito o poeta que, malia a consideración da súa poesía como existencialista, el aspira ó esencial. Pois ben, María del Pilar Palomo<sup>13</sup>, para min axeitadamente, considera a dimensión de “poeta existencial” en Ildefonso-Manuel Gil, ó tempo que cataloga os *Poemas de dolor antiguo* como “uno de los libros clave de la postguerra”. Poeta do tempo -como notará tamén García de la Concha-, de “humanísima hondura”, caracterizaríase, en claves dispersas polos seus poemas, pola harmonía clásica, a fonda serenidade que acada, o intimismo e a recorrencia dos temas da lembranza e o pasar transitorio do home polo mundo. Iso non exclúe intres de forte tensión perante a violencia, a inxustiza, o odio, a marxinação e a destrución do home, signos que o poeta advirte e denuncia no contorno do seu tempo e arredor de si.

Nun ben recente artigo falou Manuel Alvar<sup>14</sup> dunha liña de poesía metafísica aragonesa da que Ildefonso-Manuel Gil, sería a máis representativa testemuña. Poeta do pensar denso, como pedía Unamuno, o seu último libro, *Las colinas* (1989), manifesta de novo a perfección formal que é sinal de identidade do poeta, pero tamén a presenza da palabra como “asidero eternizador”. E non esquece anotar a tenrura verquida no amor á paisaxe -poeta sempre na súa terra e da súa terra- nos versos do *Cancionerillo del recuerdo y la tierra* (1952). Outras reflexións críticas arredor do poeta levaríannos por exemplo, a un lírico -como quere Benito de Lucas<sup>15</sup>- máis emocionado que sensorial, máis fondo que brillante, no que flúe “un marcado acento de verdad y vida”. Ou Aserrano Asenjo<sup>16</sup>, que no seu libro sobre as vangardas en Aragón dá conta da presenza do poeta na revista *Noreste* e fai un percorrido pola primeira etapa da súa obra, que abrangue desde *Borradores. Primeros versos* (1931) escrita en 1928, ata *La voz cálida* (1934); é dicir, os dous poemarios iniciais do escritor, escritos nos anos anteriores á guerra civil. A veta intimista advírtese entre

12. Víctor García de la Concha, *Ob. cit.*, pp. 527-538.

13. M<sup>a</sup> Pilar Palomo, *La poesía en el siglo XX (desde 1939)*, Madrid: Ed. Taurus, 1988, pp. 64-65.

14. Manuel Alvar, “Poesía metafísica”, *Principales poetas*, Zaragoza, 1992.

15. J. Benito de Lucas, *Literatura de posguerra. La poesía*, Madrid: Ed. Cíncel, 1981, p. 25.

16. J. Enrique Serrano Asenjo, *Estrategias vanguardistas*, Zaragoza: Ed. Institución Fernando el católico, 1990, pp. 173-196.

as dúbidas e vacilacións típicas de un libro de mocidade. A nova sentimentalidade logo desenvolvida por outros poetas da xeración, a dor, a melancolía, a inqueda pola intrahistoria, o sentimento amoroso, a veta existencial, a soidade son claves xa desdeñadas nestes libros -algunhas delas constantes de libros posteriores- entre influxos e motivos que desaparecerán co paso do tempo e o madurecer da voz do poeta. En fin, este breve apartado crítico, polo demais pouco ordenado, débese completar coa lectura doutras diferentes estimacións das que foi merecente a lírica de Ildefonso-Manuel Gil. Un bo feixe deles están contidas no *Homenaje a Ildefonso-Manuel Gil* (1982)<sup>17</sup> con traballos dalgúns dos máis perspicaces estudiosos do poeta.

Profesor de literatura, estudioso e crítico da mesma, non deixou o poeta de reflexionar sobre as súas concepcións poéticas, da súa lírica. A xeito de breve autopoeítica é preciso ter en conta algunhas das páxinas do ensaio *Poesía y dolor* (1944), libro de interpretación da lírica de Bécquer, un dos influxos certos do propio poeta aragonés nos seus comezos. Outras apreciacións atópanse espalladas por *Poemas de dolor antiguo* (1945), concretamente no final do libro e sen dúbida son fundamentais ó respecto as palabras do poeta no libro de conversas escrito por Rosario Hiriart, *Un poeta en el tiempo: Ildefonso-Manuel Gil* (1981). O mesmo escritor, en fin, fixo unha serie de consideracións arredor da súa forma de entender o misterio de poesía nunha conferencia pronunciada en Madrid en 1990<sup>18</sup>.

Do conxunto de autorreflexións feitas cabe salientar, por exemplo, que para Ildefonso-Manuel Gil a súa lírica amosa unha sucesión variada de estruturas formais, algunhas predominantes, mais sen se decantar por ningunha delas en particular. O poeta tenta dirixirse ó cerne emotivo do home e falar dos sentimentos compartidos por todos. A clave esencial do home é a súa consciencia da inevitabilidade da morte, e por iso “mi poesía está impregnada de esa terrible consciencia”, aínda que, sen embargo, “afirma el inmenso valor de la vida”. Aceptación, a celebración da vida é unha actitude non única no poeta, pero si evidente e reiterada.

A vida e a poesía son, ás veces, un binomio de elementos inseparables; noutros casos andan afastadas unha e outra. Non é ese o caso do noso poeta, que entende a súa poesía “entrañablemente unida a mi vida, pero no ha sido nunca una crónica de ellas”. Un xuízo lóxico de quen concibe a raíz do poema na experiencia vital do poeta, evocada logo pola escritura. O poema é, xa que logo, emoción que se lembra no acougo, no distanciamento sosego verbo da experiencia da súa xénesis. E poesía -"cosa cordial", que dixo Antonio Machado- como emoción; como proceso polo que as experiencias reais ou imaxinarias orixinan un estado sentimental no que se revela a esencia e a existencia do home e que se fai comunicable pola palabra.

A sensible, depurada atención á palabra poética -estamos perante un poeta da palabra moito máis que da imaxe- é unha clave na que teñen reparado os estudiosos deste poeta, que confesa o seu amor e, ó mesmo tempo, a súa responsabilidade diante dela. Iso está motivado polo seu irrenunciable compromiso, de escribir ben como fundamental obriga do escritor; escritor -Ildefonso-Manuel Gil- atento e inqueda perante outros valores como o sentido da dignidade do home, a xustiza social ou a denuncia crítica fronte á marxinação e a insolidariedade.

---

17. A.A.V.V., *Homenaje a Ildefonso-Manuel Gil*, Zaragoza: Concello de Zaragoza, 1982.

18. Publicada como *Reflexiones sobre mi poesía*. Vid. n. 3. As citas coas que remata o noso apartado 3 do presente traballo están tomadas da devandita publicación, pp. 17-27.

Poeta do tempo e da dor, concibe o primeiro como continuidade e fusión; como unidade na que os cortes son unha verdadeira abstracción e na que é o pasado a dimensión prevalente. A dor é tema esencial da lírica, e esta estimación provén dunha posición integral diante da vida na liña de Bécquer ou Rosalía.

## Unha lectura de aproximación

He de mirarme el corazón, sentirlo,  
dejar que se derrame en el silencio  
fiel de mi soledad su contenido.

Unha análise que tentase ser rigorosa da aventura poética -longa, densa, de plural singularidade- de Ildefonso-Manuel Gil, precisaría dun percorrido completo pola súa dilatada traxectoria. Non é ese o noso propósito. Baseados non na totalidade, senón nunha ampla selección dos seus versos, imos á procura, á detección dalgúns dos seus máis sobresalientes elementos puntuais, de certos trazos caracterizadores, dalgunhas claves evolutivas. Serán, pois, as liñas a seguir, unhas notas de lectura que non pretenden senón un achegamento ó poeta, ó seu universo poético, á súa cosmovisión, á súa expresividade.

E empecemos por anotar que o cosmos poético de Ildefonso-Manuel Gil ten ó home como eixe. A instalación proseguida do home nos seus versos ten un apoio inicial na temperatura de rehumanización propiciada pola xeración do poeta. O home -"torre de sangre y sueño"<sup>19</sup>- universal, a condición humana, pero tamén o home existencial concreto, circunstancial e histórico, e aínda na súa dimensión social. Romanticamente o poeta está a se erguer como portavoz dos homes; eticamente entende que os poetas son "hombres cuyo dolor asume el dolor de los /otros". E o home xorde no seu desvalemento, na súa triste condición de criatura ó marxe, allea ó mundo, do que se sente "acongojado isleño". O home fóra do mundo -"todo está fuera y vive mansamente /a mi presencia ajeno"-, nunha radical orfandade perante un deus "lejano, imposable"; sempre "el hombre solo, caminando a solas".

As veces, por baixo do "eu" lírico do poema está a abondosa substancia autobiográfica, case unha constante neste poeta. Ese "eu" está posuído dun intimismo romántico; logo manifesta a súa anguria existencial. Despois, fóra do ámbito estritamente individual, da representatividade da condición humana, ese "eu" tór-nase nun "nós" -así, exemplarmente, no impresionante poema "Las graveras"<sup>20</sup>- solidario do home histórico na súa circunstancia; daqueles aldraxados pola insolidariedade, a inxustiza, a desigualdade. Velá a Ildefonso-Manuel Gil máis que nunca poeta cívico, moral, social.

---

19. Para non encher de citas bibliográficas estas notas damos conta dos libros do poeta que temos consultado para este traballo e que constitúen o *corpus* lírico do mesmo. Os poemarios son os seguintes: *La voz cálida* (1934), *Poemas de dolor antiguo* (1945), *El corazón en los labios* (1947), *Cancionerillo del recuerdo y la tierra* (1952), *El tiempo recobrado* (1950), *El incurable* (1957), *Los días del hombre* (1968), *Luz sonreída*, *Goya, amarga luz* (1972), *De persona a persona* (1971), *Poemas del tiempo y el poema* (1973), *Elegía total* (1976), *Poemaciones* (1982), *Zaragoza* (1983) e *Las colinas* (1989).

20. En *Los días del hombre* (1968).

E arredor do home unha morea de ameazas: a soidade, a dor radical, a violencia múltiple, o tempo destructor e fuxidío, a morte e as súas fantasmas. Mais estas son as claves cosmovisionarias do poeta que xa veremos despois. Subliñemos xa, sen embargo, que diante da efímera precariedade da existencia do home, perante o pasar do tempo, o home ten a súa victoria na continuidade da súa liñaxe, na súa estirpe sucesiva, na súa perpetuación nos herdeiros do seu sangue. E está tamén -a xeito de táboa de salvación- a procura do amor.

Xa deixamos anotado que para o poeta a súa poesía non é crónica exacta da súa vida. Mais, sen embargo, vida e poesía andan moi preto na súa voz e o poema nace da experiencia vital, da lembranza das vivencias. Cando o “eu” lírico é transmutación do “eu” histórico e concreto do poeta temos dúas vivencias a xeito de leit-motivs: o ámbito familiar e a inminencia da morte. A constatación da morte dos seus seres queridos -“fantasmas que a mi lado marchan”; “tantos seres que amaba se me han ido”- confire á voz do poeta un ton elexíaco non infrecuente por certo. A morte é unha fonte de anguria existencial nun poeta “soñador de la muerte tantas veces”, consciente de que “vivir es avanzar hacia la ausencia”; tamén, manifestación de desacougo metafísico, que en diversos intres sitúa ó poeta na liña de Unamuno, de certo unha das súas asimiladas lecturas.

Froito da violencia, a morte está rexistrada como estarrecedora clave dunha circunstancia histórica que rematou na “pesadumbre de un millón de muertos”. Nese trágico intre, nese tempo de pesadelo o poeta coñeceu “la antesala de la muerte”, quizabes a súa vivencia máis inesquecible. Poemas como “A vosotros”, “La muerte que se espera” ou “Silbo en silvas del terror” reconstrúen sen dúbida aquela pre-morte, aquela atmosfera de amedrentador espanto da que, por milagre, saíría o poeta con “la lucidez de los hombres que han vuelto de la muerte”.

E polo ó fío da morte chega ó verso do poeta o ámbito familiar, cantado con voz nostálgica, con acento elexíaco. Figuras como as do pai, a nai, a irmá ou a muller xorden entre lembranzas de ben diverso signo. As dúas primeiras, desde logo, van vencelladas á infancia, a felicidade, ó sentimento protector de acobillo. O pai e a nai, polo demais, son encarnación da “estirpe”, da continuidade da vida, da perduración do home -“Yo viviré en mis hijos como vive /mi padre en mis recuerdos”- fronte á inmutabilidade do mundo e ó pasar do tempo. A figura da irmá está intensamente evocada no conmovedora “Elegía fraterna” e poemas como “Bajo la luz herida”, “A Pilar” ou “Memoria de un lejano noviembre” sitúan a Ildefonso-Manuel Gil nese eido da lírica familiar que por exemplo ecoa en poemas de Antonio Machado como o fermosísimo soneto que comeza “Esta luz de Sevilla...”, lembranza conxunta da casa familiar e da figura paterna, pero que se amosa con moito máis pulo na lírica de Unamuno. Por descontado que esta temática -biográfica, radicalmente humana, emotiva- está ben presente en poetas como L. F. Vivanco, L. Rosales ou Leopoldo Panero, machadiano este último como Ildefonso-Manuel Gil.

E chegado a este punto permítaseme un alto nun libriño que é como unha illa, un libro floclórico en boa parte, pero tamén nostálgico e evocativo, meditativo ás veces. Refírome a ese poemario que está a proseguir a liña da lírica neopopularista na que García Lorca, Rafael Alberti, Antonio Machado e outros fixeron achegas de interese; refírome ó *Cancionerillo del recuerdo y la tierra* (1952). En formas métricas breves e populares (o romance nas súas diversas variantes, a cuarteta,

diversas estrofiñas de tres versos; en octosílabos asonantados ou en combinacións de pentasílabos e heptasílabos) cobran vida, ó mesmo tempo, o canto e o conto: o romance narrativo e a cancionciña puramente lírica.

A terra, o espacio biográfico sempre amado polo poeta, está percorrida toda ela, precisada nas referencias toponímicas (Paniza, Daroca, Torre Nueva, Calatayud, Jaca, Monzón...), xorde cantada desde a ausencia, desde a nostálxica lembranza. E cando o poeta canta a Paniza,

Pueblo de vid y de olivo:  
por aquel tiempo que ignoro  
¡Cuánto he soñado contigo!<sup>21</sup>

a nosa evocación de lectores vai a aqueles outros versos, unha vea máis de Antonio Machado (adicados, sen embargo, a un ámbito de autoexilio e desterro sentimental):

¡Campo de Baeza,  
soñaré contigo  
cuando no te vea<sup>22</sup>.

e neste percorrido xeográfico -vital no que, por suposto, non está ausente Daroca - "telón de fondo /en la escena infantil de mi memoria"- está tamén a fermosa recreación da materia floclórica nas súas máis diferentes manifestacións (lendas, cantares, refráns), ás veces glosada -en "Bajo Aragón" por exemplo- polo poeta.

A metamorfose lúdica, luminosa, chea de ledicia das cousas e da paisaxe, a través de metáforas e imaxes vivificadoras ou humanizadoras, é unha constante expresiva. E nese terreo advertimos a presenza dese índice de afectividade que é o diminutivo, concretado na lingua pola variante diatópica aragonesa ("pocicos", "avecica", "mantillica", "pañolica", "casadica", "oliverica", etc.), e as creacións léxicas froito de xustaposicións orixinais do poeta ("alondrabeja", "fundasueña", "pinchacierzos", etc.). O resultado neste *Cancionerillo* (o término non é gratuito) é unha veta en grande parte non proseguida polo poeta; lírica popular verquida con dominio formal, con sensibilidade, con axeitada lixeireza rítmica, con capacidade para facer unha contribución persoal nun ámbito que é herdanza da tradición popular, pero revitalizada polos poetas cultos.

Mais voltemos de novo ó noso percorrido. Falabamos dunha poesía que ten no seu centro ó home e que, solidariamente, quere ás veces facerse voz de "los hombres olvidados". E, no canto do home, a familia... e a terra. Poeta, prefiro eu dicir, da terra máis ca da paisaxe. Porque quizabes falar dun simple poeta da paisaxe posúe, verbo desa temática, unhas connotacións ornamentalistas, puramente estetizantes, como se estivesemos diante dun sinxelo pano de fondo poético. Non é así, nin moito menos, en Ildefonso-Manuel Gil; nunha voz que "brota de la tierra" e que ancea "hundir mis pies en la tierra surcada /como una siembra fértil de mí mismo".

21. "(Paniza)", *Cancionerillo...* (1952).

22. Antonio Machado, "Apuntes, V", *Nuevas canciones* (1917-1930).

Un poeta que é *Hombre en su tierra*<sup>23</sup> segundo o título dunha das súas autoantoloxías.

Pero nos primeiros poemarios a paisaxe non posúe o inequívoco recendo da terra aragonesa. Esa paisaxe é ámbito da procura romántica do misterio, do fuxidío vencellamento do home ó mundo, do mutuo “vínculo secreto” e das “vozes que me sacuden /impacientes”, da “ardiente comunión” do poeta. Paisaxe con alma, espiritualizada, connotadora ás veces de claves emocionais de melancolía e tristeza, de soidade, acabamento e aínda morte. Pero compriría precisar que estas resoancias nacen do sentimento dunha paisaxe na que opera o tempo, a estación; unha paisaxe de outono -sombra, noite, solpor, silencio- que deixa no home “la señal imborrable de su melancolía”.

Logo a paisaxe da terra adquire na súa abondosa toponimia unha evidente referencialidade aragonesa. Estamos, entón, perante un recinto biográfico asociado á infancia e á familia; un dominio perdido e evocado. A súa contemplación, que se vai facendo cada vez máis meditativa, promove no ánimo do poeta a afirmación da vida e da beleza. Velaí, xa que logo, o sentir do “zumo de vida en las venas”, la “plenitud reveladora” do mundo, “la eterna plenitud de la existencia”.

Pero, aínda que cunha serie de constantes ben reiteradas que conforman o mundo propio do poeta, Ildefonso-Manuel Gil é un poeta sucesivo, aberto a ollar as cousas de diferente forma. E así, cando a interferencia espacio-temporal está recollida na primavera, as connotacións vitais, do renacer da vida que a estación conleva, promove un sentimento inicialmente de angurianta alleamento do home, pois “mientras en él renuevas el afán de la vida/ y ofende tu blancura nuestros sombríos vuelos”; eses voos resultan da concepción existencial do home como ser para a morte.

A paisaxe da terra posúe para o poeta algo de sagrado. Na súa visión, non centrada case nunca nos espazos urbanos (algunha vez asoma o tópico do “menosprecio de corte y alabanza de aldea”) advertimos o pasar do tempo histórico e a terra pobóase de figuras, como acontece en diversos poemas de *Zaragoza* (1983). Finalmente podemos apreciar na visión da terra como o poeta tenta acadar a serenidade, a harmonía, a paz interior -“el sentimiento/ dócil a su corriente se serena”- segundo advertimos en *Las colinas* (1989), verdadeiro cumio de depuración lírica na traxectoria do poeta.

E unhas precisións -ou, cando menos, unha tentativa delas- sobre a cosmovisión do poeta. Se, como xa dixemos, as claves do home son a soidade -“profunda soledad abisma al hombre”-, a dor máis radical -“el dolor nos acosa/ como en la selva el tigre”-, a anguria propia e allea -“quisiera sentir en mí la angustia de los otros”-, o paso destructivo do tempo -“que nos urge y aprisiona”-, a violencia e a morte -“el dolor de vivir hacia la muerte”, semella evidente que a cosmovisión do poeta ten que ser escura, morna, sombriza. Iso, sen embargo, é asumido cun acento que está moi lonxe do berro, da xestualización excesiva, do desbordamento. Está asumido, interna e individualmente, cunha actitude de grave serenidade, de contención emocional, de aceptación. Colectivamente, cunha actitude moral, solidaria

---

23. Ildefonso-Manuel Gil, *Hombre en su tierra*. Zaragoza: Ed. Institución Fernando el Católico, 1980.

-”devuélvele a la palabra/ su sentido solidario” e achegada sempre “a los que sufren bajo cualquier bandera”. A insinceridade do exceso prefire o poeta “mis modos de silencio” nos que se perde a súa palabra.

É, ó meu entender, na súa dimensión de poeta do existir cando máis fondo e auténtico resulta Ildefonso-Manuel Gil. Os intres nos que a súa poesía amosa unha cosmovisión máis aberta e clara, máis positiva e de afirmación celebradora da “sazón do mundo”, da fermosura da vida e do milagre e aínda a espléndida perfección do mundo o poema non chega nin moito menos a se facer convincente cara ó lector. Posiblemente opera aí unha condicionante xeracional que advertimos en poetas como Rosales ou Leopoldo Panero, por poñer só dous casos.

Romántico, existencial, cívico, familiar, Ildefonso-Manuel Gil é, sobre todo, un poeta transcendente, denso. Nese senso, unamuniano. O seu ollar o mundo corre pola canle da sentimentalidade con notable senso da contención emotiva. A autenticidade fonda da emoción, a meditación concibida como un pensar afectivo -non a fría reflexión- é seguramente o prisma baixo o cal observa o mundo e o home. Velái o poeta machadiano. Resulta que, doutra banda a súa poesía está a se entregar, a se achegar a nós con absoluta limpeza e claridade, con inmediatez. O poeta non se ten deixado influenciar polas visións irracionalistas, alóxicas que advertimos espaxiadas por acá e alá en diversas estéticas e tendencias -xa desde as vangardas- na poesía do noso século. E así mesmo iso é froito do agarimoso coidado á transparencia da palabra poética, depurada mais non obxecto de artificioso requintamento.

Semella ter pasado o poeta por enriba, como sen advertilas, das modas e modos da lírica do último medio século. Un poemario como o adicado á figura da Goya podería terse convertido nun libro culturalista. Non o é, en absoluto, por esa perduración do posicionamento ético, pola actitude de fraternidade moral que o poeta asumiu sempre perante o home e a súa circunstancia histórica. O home, na múltiple extensión e intensión da palabra, estivo e está por sempre na voz do poeta. Poeta no que pugnan a vida e a morte, a afirmación esperanzada e as “yedras del desaliento”, a anguria e a serenidade, a intimidade esencial e a entrega ós outros, o anxeo de perduración e a consciencia da súa condición efímera. En síntese, “un recuento de goces y dolores” cunha tendencia á visión elexíaca e melancólica dos primeiros e a asumir -desde a “profunda gravedad de mis labios”- os segundos, certamente máis presentes e constantes no poeta.

Cando o poeta escribe:

Hay un otoño triste  
el de las hojas al morir doradas,  
y otro alegre que viste  
la pompa de las vides inclinadas  
al peso de dulzura de sus zumos...<sup>24</sup>

nós podemos pensar que ese segundo simbólico outono se xustifica para o poeta na súa obra xa feita, nos perdurables froitos acadados no sementar dos seus versos. Que

o primeiro sexa como el mesmo de, non evidencia senón unha boa parte da esencia interior deses froitos -poemas- sementados. Sen dúbida non está na man do poeta que sexan doutro modo. Velá a grandeza e miseria da condición humana.

*Luís Alonso Girgado*  
I.B. Eduardo Pondal. Santiago